

SECRETARÍA GOBERNO LOCAL

Concellería de SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO DE VIGO



INFORME XURIDICO PROPOSTA E RESOLUCIÓN

Expte: 1618/1102

Asunto: solicitude de acceso a información pública

ANTECEDENTES

En data 22.01.2023 Dona [REDACTED], en calidade de representante da sección sindical da CUT solicita que se nos facilite a "ocupación por estrutura organizativa" (RPT do servizo) actualizada do servizo de Benestar Social, xunto coa relación de vacantes tanto por xubilación e promoción interna coma dos traballadores que neste momento se atopan sen situación de excedencia.

En data 23.01.2024 e posterior 27.02.2024 solicítase informe á area de RRHH e Formación.

En data 04.03.2024 remítese informe da área de RRHH e Formación.

LEXISLACION APLICABLE

- [Constitución Española de 1978](#)
- [ei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público \(LRXSP\)](#)
- [Lei 7/1985, do 2 de abril, das Bases do Réxime Local \(LBRL\)](#)
- [Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas \(LPAC\)](#)
- [Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno \(LTAIBG\)](#)
- [Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais \(LOPDGDD\)](#)
- [Regulamento \(UE\) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE \(RGPD\)](#)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- Do acceso á información solicitada.-

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que "Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/03/2024 13:48	Páxina 1 de 4
1618-1102	CSV: [REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

esta Ley.

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.

A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, regula no seu artigo 12 o dereito de acceso á información pública, preceptuando que *"Todas las personas tienen derecho a acceder a la información pública, en los términos previstos en el artículo 105,b) de la Constitución Española, desarrollados por esta Ley.*

Asimismo, y en el ámbito de sus respectivas competencias, será de aplicación la correspondiente normativa autonómica."

O acceso á información constitúe un verdadeiro dereito subxectivo que se configura de maneira ampla en tanto que son titulares do mesmo todas as persoas sen que as mesmas teñan que alegar interese específico nin ser preciso a motivación da súa solicitude.


O réxime xurídico previsto para ao acceso á información pública na Lei 19/2013, do 9 de decembro(LTAIBG), os seus límites e o procedemento que ha de seguirse, tan só quedan desprazadas, actuando neste caso como supletoria, cando outra norma legal haxa disposto un réxime xurídico propio e específico de acceso á información nun ámbito determinado, tal e como establece a Disposición adicional primeira apartado segundo da LTAIBG).

Neste senso, a solicitante formula a solicitude como representante da sección sindical da CUT. Segundo informe da Área de RRHH e formación a "A solicitante consta como representante da sección sindical da CUT segundo informado en doc. 230362728 (Exp. 43186/220): "(...) Que [REDACTED] con [REDACTED] será a persoa designada como persoa liberada (...)"

Cómpre sinalar que en materia de acceso á información por parte da representación sindical a STS 748/2020 de 11 Jun. 2020, Rec. 577/2019 determina "O art. 40.1 del Real Decreto legislativo 5/2015 de 30 de octubre, por el que se regula el Estatuto Básico del Empleado Público, no contiene un régimen específico y alternativo que desplace el régimen general de acceso a la información contenido en la Ley 19/2013, ni limita o condiciona el acceso a la información que las Juntas de Personal pueden tener en relación con aquellas materias relativas los empleados que representan y la información que les atañe."

E por isto que o acceso á información en calidade de representante sindical trámitase conforme a LTAIBG.

SEGUNDO.- Da solicitude formulada.-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/03/2024 13:48	Páxina 2 de 4
1618-1102	CSV: [REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A solicitante interesa acceso a información en materia de "ocupación por estrutura organizativa" (RPT do servizo) actualizada do servizo de Benestar Social, xunto coa relación de vacantes tanto por xubilación e promoción interna coma dos traballadores que neste momento se atopan sen situación de excedencia.

O artigo 5.1 da LTAIBG as Entidades Locais están obrigadas a publicar "*de forma periódica e actualizada a información cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública*".

Así mesmo o artigo 7.1 da LTAIBG determina que as Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias, publicarán os documentos que, conforme a la lexislación sectorial vixente, deban ser sometidos a un período de información pública durante su tramitación.

Neste senso o artigo 202.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do empregado público de Galicia a relación de postos de traballo, previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días.

A estos efectos a relación de postos de traballo está publicada no perfil de transparencia no seguinte enlace <https://transparencia.vigo.org/?id=194&tipo=data&ita=0&lang=es>

Así mesmo segundo **informe da Área de RRHH e Formación**



" RPT do Concello de Vigo: *Consta no portal de transparencia do Concello de Vigo, a RPT do ano 2023 e un histórico de versións anteriores:*
<https://transparencia.vigo.org/>

Información de vacantes: *Figura na aplicación de xestión de postos e prazas, en concreto salvo erro ou omisión en data de sinatura do presente informe constan as seguintes vacantes no Servizo de Benestar Social (cód. 301):*

- Posto 81 Diplomado/a traballos sociais (persoal funcionario): 1 vacante
- Posto 138 Auxiliar (persoal funcionario): 6 vacantes
- Posto 155 Ordenanza porteiro (persoal funcionario): 1 vacante
- Posto 400 Licenciado/a dereito (persoal laboral): 1 vacante
- Posto 401 Licenciado/a psicología (persoal laboral): 1 vacante
- Posto 404 Diplomado/a traballos sociais (persoal laboral): 1 vacante
- Posto 405 Técnico/a actividades culturais e educativas (persoal laboral): 1 vacante
- Posto 406 Educador social (persoal laboral): 1 vacante

Adicionalmente, no documento da RPT 2023 pódese consultar o detalle das devanditas vacantes que constan asociadas á Oferta de Estabilización de emprego público. "

E por isto que procede facilitar a interesada a información solicitada ao constituír información pública nos termos indicados no artigo 13 da LTAIBG.

	Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/03/2024 13:48	Páxina 3 de 4
	1618-1102	CSV: 	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv			

TERCEIRO.- Do órgano competente

A resolución da solicitude correspóndelle a Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28.06.2023.

Polo exposto formúlase a seguinte **PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Estimar a solicitude de acceso a información formulada Dona [REDACTED] [REDACTED] facilitando o acceso a relación de postos de traballo publicada no portal de transparencia:<https://transparencia.vigo.org/?id=194&tipo=data&ita=0&lang=es> e información sobre os postos vacante recollida no informe da Área de RRHH e Formación transcrito no apartado segundo das consideracións xurídicas.

SEGUNDO.- Notificar á solicitante, indicándolle que contra a resolución de acceso a información pública que pon fin á vía administrativa poderán interpoñerse os recursos ou reclamacións que a continuación se indican:

- Recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo de Vigo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción desta notificación.
- Con carácter potestativo, reclamación previa á súa impugnación ante a xurisdición contencioso-administrativa perante o Valedor do Pobo de Galicia, dentro do prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción desta notificación ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo. No caso de optar pola reclamación non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquela sexa resolta expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente”.

A Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19 modificada por Resolución de data 28.06.2023, 20.06.2023 e 28.06.2023, BOP nº 129 de data 5.07.2023 e 28.06.2023)

Dou fe, a Secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/03/2024 13:48	Páxina 4 de 4
1618-1102	CSV: [REDACTED]	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		